



En Pontevedra, a 24 de novembro de 2007

Reunidos os membros do xurado do **Concurso de cartaces sobre medio ambiente** convocado pola APDR, composto por: Luz Pérez Costas, publicista; Kiko Dasilva, debuxante e editor e Xosé Luís Alonso, fotógrafo; actuando como secretaria do xurado, con voz mais sen voto, María Peón.

Logo dunha revisión dos máis de cincuenta traballos presentados a concurso, decidiuse por unanimidade outorgar os seguintes premios:

1º Premio: cunha dotación de 500 € á obra “Cartum” de **Rosa Fernández Caamaño**, presentada baixo o seudónimo “Grugra”.

2º Premio: cunha dotación de 300 € á obra “Trinollo” de **Marcos Dios Almeida**, presentada baixo o seudónimo “Quensexá”.

3º Premio: cunha dotación de 200 € á obra “Apdr 1” de **Daniel Iglesias Padrón**, presentada baixo o seudónimo “La Mano”.

A entrega dos premios terá lugar este mércores día 28 de novembro ás 19.30 horas na Sala de Exposicións da Escola de Restauración (edif. Belas Artes) onde permanece aberta a exposición “Vinte anos en defensa do Medio Ambiente” e onde se exporán as obras premiadas.

Saúdos,

María Peón (secretaria da APDR)